

VETERANOS ACTIVOS

ROTEIRO DE AVELINO DÍAZ

MEIRA (Lugo)

MÉRCORES 4 DE MARZO DE 2026

PRESENTACIÓN

A ruta deste mércores lévanos a terras mirandesas e meirenses, pois comenzamos no lugar de A Casanova (do concello de Riotorto, terras mirandesas) e rematamos en Meira (terras meirenses). Todo na provincia de Lugo.

A RUTA

Transcorre entre o Roteiro de Avelino Díaz e a Ruta dos Rego e as Fontes. Dende A Casanova (onde escomenzamos a andaina), camiñamos deixando a nosa esquerda a Serra da Fonseca e cando empalmamos coa ruta de Avelino Díaz deixamos a Serra da Fonseca para continuar coa Serra de Meira e case chegando a Meira temos moi perto o nacemento do Miño no Pedregal de Irímia. Prácticamente durante todo o percorrido temos tamén a nosa esquerda o río Órrea, tamén chamado Mourín.

Deixamos o bus e camiñamos uns metros por Lu.5503 e tendo a esquerda (o carón do río Órrea) a Area Recreativa de A Casanova. Os poucos metros xa nos desviamos por una pista lateral que non abandoamos até prácticamente o remate da andaina.

Deixamos atrás o Rego do Xardel e con un terreo chao acercámonos a Fonte da Órrea, na aldea de Órrea, e ascedemos uns metros até achegarnos a barrio de A Travesa onde nos atopamos coa casa natal de Avelino Díaz que viviu nela dez anos antes de achegarse a Pena (Meira).

Ao chegares a PENA DA ABELLEIRA, a pista inicia un suave ascenso duns 1.500 m. polos montes do Formigueiro (na Costa de Candedo), con piñeiros e eucaliptais.

Ao chegar á FONTE DA PASCUA, a pendente reláxase de novo e pasamos polas FONTES DA CABANA, a REGA DO FRANCÉS e a REGA DA GADELLA, iniciándose outra suave subida que o conducirá ate o alto do XUNCÁS.

Dende alí pódese divisar a Gran Chaira luguesa. A partires de eiquí iniciamos o descenso por as localidades de LEIRAS, O VAL DA CAL, PAREDES e A PENA (lugar onde Avelino viviu uns anos antes

de sair a emigración e onde deixou á sua nai e pasaremos pola súa casa).

Xa pouco queda ate rematar a etapa en Meira onde teremos á vista a Igrexia cisterciense de Santa María, que visitaremos despois de xantar.

Pola tarde, si temos tempo, os que queiramos, faremos un pequeno engadido ata Fonmiña, (3 km chans), un lugar que todo galego debe visitar alguna vez.

Distancia: 12,8 km Dificultade: baixa.

Desnivel subida: 415 m De baixada: 480 m

Guía: Segismundo

A SAÍDA

As 8 horas, da parada de bus de Deportienda no Pavillón de Riazor, coas paradas de Juan Flórez, Alfonso Molina e Carrefour.

AS SEGUINTES RUTAS SON:

Domingo 15 de Marzal. Coñece e Camiña. Forcón de los Ríos-Santa Eulalia de Oscos (Asturias)

Mércores 25 de Marzal. Veteranos Activos. Ruta Xacobeá do Inverno. Pobra de Brollón-Monforte (Lugo).

Do 30 de Marzal ao 5 de abril. Viaxe de Semana Santa. Sierra de la Tramontana (Mallorca).

Domingo 19 de abril. Coñece e Camiña. Ruta Granítica de Moura-Nogueira de Ramuín (Ourense).

Mércores 22 de abril. Bosque de Colón—Poio (Pontevedra)

Do 30 de abril ao 3 de maio. Sendeirismo no Parque Natural de Redes (Asturias)

Mércores 6 de maio. Ruta circular por Betanzos.



